

Dende a ANPA informámosvos que, con fondos da Deputación, estamos a desenvolver, coa empresa Atalaia Social, o” Programa de Educación en Valores para Alumnado de Infantil e Primaria e as súas Familias”, co obxectivo de traballar as competencias emocionais para mellorar o desenvolvemento integral da persoa nos planos físicos, intelectuais, morais, sociais, emocionais, etc. Con isto, mellórase a saúde, a capacidade de aprendizaxe, a motivación e as relacións sociais, o que se traduce nunha mellor convivencia nas aulas e un maior respecto polas demais persoas.

Este programa consta de catro partes: unha primeira, na que se traballou por medio de obras de teatro, a introducción ó tema. Unha segunda parte para afondar un pouco mais, de dúas sesións nas aulas cos profes, e unha terceira sesión de posta en común entre todo o alumnado. Na cuarta e última parte, traballarase coas familias e nenos conxuntamente. Para isto, necesitamos que nos confirmeades antes do venres 03/02/17, si sería posible a vosa asistencia do seguinte xeito:

- Infantil: martes, 21/02/17 de 18,00 a 19,30 horas
- 1º e 2º: luns, 13/02/17 de 18,00 a 19,30 horas
- 3º e 4º: xoves, 16/02/17 de 18,00 a 19,30 horas
- 5º e 6º: luns, 20/02/17 de 18,00 a 19,30 horas

Para que isto se poda levar a cabo, é necesario un mínimo de 8 adultos por sesión, podendo vir un ou dous representantes de cada familia por nen@.

Lembremos que ademais do traballo co alumnado e o profesorado, valórase fundamental implicar ás familias neste proxecto, por ser axentes activos na educación das súas fillas e fillos. Desta forma, aprenderemos estratexias e recursos para poñer en práctica na nosa propia casa, e disfrutaremos dos beneficios que isto supón: sentirnos mais relaxad@s, mellorar a nosa atención, as relacións sociais, a autoestima, e potenciar e descubrir as nosas capacidades persoais.

Nome do alumn@:

Curso:

Número de adultos: